



PREGO DE CLÁUSULAS ADMINISTRATIVAS PARTICULARES PARA A CONTRATACIÓN DO SUBMINISTRO DE SUBMINISTRO POR LOTES DO VESTIARIO E CALZADO PARA O PERSOAL DEPENDENTE DO INSTITUTO MUNICIPAL DOS DEPORTES POLO PROCEDEMENTO ABERTO

INDICE

I. ELEMENTOS DO CONTRATO

1. ORGANO DE CONTRATACIÓN
2. NATUREZA E RÉXIME XURÍDICO DO CONTRATO
3. OBXECTO DO CONTRATO
4. NECESIDADES ADMINISTRATIVAS A SATISFACER MEDIANTE O CONTRATO
5. RÉXIME ECONÓMICO-PRESUPOSTARIO DO CONTRATO
6. APLICACIÓN ORZAMENTARIA E ANUALIDADES EN QUE SE DISTRIBÚE
7. PRAZO DE EXECUCIÓN
8. APTITUDE PARA CONTRATAR

II. ADXUDICACIÓN E FORMALIZACIÓN DO CONTRATO

9. PROCEDEMENTO DE ADXUDICACIÓN E FORMA DE TRAMITACIÓN
10. IMPORTE MÁXIMO DOS GASTOS DE PUBLICIDADE DE LICITACIÓN DO CONTRATO QUE DEBE ABONAR O ADXUDICATARIO
11. RENUNCIA E DESESTIMENTO
12. PRESENTACIÓN DE DOCUMENTACION
13. FORMA EN QUE DEBEN PRESENTARSE A DOCUMENTACIÓN E AS PROPOSICIÓN
14. PRAZO DE PRESENTACIÓN DA DOCUMENTACIÓN E DEMAIS REQUISITOS DAS PROPOSICIÓN
15. CRITERIOS PARA A ADXUDICACIÓN DO CONTRATO
16. MELLORAS
17. CRITERIOS PARA A CONSIDERACIÓN DE QUE A OFERTA CONTÉN VALORES ANORMAIS OU DESPROPORCIONADOS
18. DEBER DE CONFIDENCIALIDADE
19. APERTURA DA DOCUMENTACIÓN E DAS PROPOSICIÓN
20. NOTIFICACIÓN DOS ACTOS DE EXCLUSIÓN DE LICITADORES
21. ADXUDICACIÓN
22. GARANTÍAS ESIXIBLES
23. FORMALIZACIÓN DO CONTRATO

III. EXECUCIÓN DO CONTRATO

24. PRAZOS
25. EXECUCIÓN DO CONTRATO
26. CONDICIÓNS ESPECIAIS DE EXECUCIÓN
27. ENTREGA E RECEPCIÓN DOS BENS
28. CUMPRIMENTO DA NORMATIVA RELATIVA Á PROTECCIÓN DE DATOS DE CARÁCTER PERSOAL





29. RÉXIME DE PAGOS
30. REVISIÓN DE PREZOS
31. PRAZO DE GARANTÍA
32. MODIFICACION DO CONTRATO
33. INFRACCIÓNS E PENALIDADES
34. MULTAS COERCITIVAS
35. PROCEDEMENTO PARA A IMPOSICIÓN DE PENALIDADES
36. SUBCONTRATACIÓN
37. CESIÓN
38. RESOLUCIÓN DO CONTRATO
39. LIQUIDACIÓN

IV. XURISDICCIÓN E RECURSOS

40. XURISDICCIÓN
41. RECURSO ESPECIAL EN MATERIA DE CONTRATACIÓN
42. CUESTIÓN DE NULIDADE

V. ANEXOS

1. ANEXO I: FEC
2. ANEXO II: MODELO DE DECLARACIÓN RESPONSABLE

ANEXO I FEC

1. DATOS DO EXPEDIENTE

- A. NUMERO DE EXPEDIENTE:
- B. SERVIZO XESTOR:
- X. RESPONSABLE DO CONTRATO:
- Δ. TRAMITACION:
- E. TRATASE DUN CONTRATO DE REGULACION ARMONIZADA:
- Φ. TRATASE DUN CONTRATO SOMETIDO A RECURSO ESPECIAL EN MATERIA DE CONTRATACIÓN:

2. OBXECTO

- A. NOME DO CONTRATO:
- B. CODIFICACION OBXECTO DO CONTRATO:
 - CPA:
 - CPV:
- X. NECESIDADES A SATISFACER POLA ADMINISTRACION:
- Δ. LOTES:

3. CONTIDO ECONÓMICO

- A. PRESUPOSTO TOTAL:
- B. IVE A SOPORTAR POLA ADMINISTRACIÓN:





- X. VALOR ESTIMADO DO CONTRATO:
 - Δ. ANUALIDADES CON IVE:
 - E. DOTACIÓN POR LOTES:
 - Φ. PREZOS UNITARIOS:
 - Γ. APLICACION PRESUPUESTARIA:
 - H. ANTICIPADO DE GASTO:
 - I. FINANCIADO CON FONDOS EUROPEOS:
 - ϑ. PROCEDE REVISIÓN DE PREZOS:
4. PRAZO DE EXECUCIÓN
- A. PRAZO DE EXECUCIÓN:
 - B. PRAZOS PARCIAIS:
 - X. PRÓRROGA DO CONTRATO E EN CASO AFIRMATIVO DURACIÓN:
 - Δ. DATA DE INICIO DO CONTRATO:
5. GASTOS DO CONTRATO
- A. GASTOS DE PUBLICIDADE:
 - B. GASTOS POR DESESTIMENTO OU RENUNCIA:
6. SOLVENCIA ECONÓMICA E FINANCEIRA E TÉCNICA
- A. OUTROS MEDIOS DE ACREDITAR A SOLVENCIA ECONÓMICA E FINANCEIRA:
 - B. OUTROS MEDIOS DE ACREDITAR A SOLVENCIA TÉCNICA:
 - C. MEDIOS PERSOAIS OU MATERIAIS PARA ADSCRIBIR Ó CONTRATO:
 - D. HABILITACIÓN PROFESIONAL:
7. CONTIDO DA DOCUMENTACION DOS SOBRES B E C
- A. CONTIDO SOBRE B:
 - B. CONTIDO SOBRE C:
 - C. NÚMERO MÁXIMO DE FOLLAS:
8. MOSTRAS
- A. PROCEDE PRESENTAR MOSTRAS:
 - B. EN CASO AFIRMATIVO, INDICAR LUGAR DE ENTREGA:
9. CRITERIOS DE ADXUDICACIÓN
- A. CRITERIOS AVALIABLES MEDIANTE XUIZO DE VALOR:
 - B. CRITERIOS AVALIABLES A TRAVES DE FÓRMULA:
 - X. COMITÉ DE EXPERTOS:
10. MELLORAS
- A. ADMITE MELLORAS:
 - B. EN CASO AFIRMATIVO DELIMITACIÓN DOS ELEMENTOS E CONDICIÓNS:





11. GARANTÍAS
 - A. GARANTÍA PROVISIONAL:
 - B. GARANTÍA COMPLEMENTARIA:
 - C. GARANTÍA DEFINITIVA:
12. PRAZO DE GARANTÍA
13. RÉXIME DE PAGAMENTO
14. ASEGURAMENTO
 - A. PROCEDE CONSTITUIR SEGURO ESPECÍFICO (en caso afirmativo clase e contía)
15. MODIFICACIÓN DO CONTRATO
 - A. ESTÁ PREVISTA A MODIFICACIÓN DO CONTRATO:
 - B. ASPECTOS A MODIFICAR:
 - C. CIRCUNSTANCIAS QUE DETERMINAN A MODIFICACIÓN:
 - D. LIMITES DA MODIFICACIÓN:
 - E. ESPECIALIDADES, NO SEU CASO, DO PROCEDEMENTO DE MODIFICACIÓN:
16. LUGAR DE ENTREGA DAS SUBMINISTRACIÓNS
17. SUBCONTRATACIÓN:
 - A. NO SEU CASO, PORCENTAXE MÁXIMO DE SUBCONTRATACIÓN:
18. OUTROS ASPECTOS DO CONTRATO:
 - A. CONDICIONS ESPECIAIS DE EXECUCIÓN:
 - B. OUTROS DEREITOS E/OU OBRIGAS DO ADXUDICATARIO:
 - C. OUTRAS INFRACCIÓNS E/OU PENALIDADES:
 - D. CAUSAS ESPECÍFICAS DE RESOLUCIÓN DO CONTRATO:
 - E. OBSERVACIÓNS:



Copia auténtica do orixinal - Concello de Vigo

Data impresión: 09/06/2015 12:10

Páxina 4 de 41

Expediente 3572/11

Código de verificación: 28ED3-4CB48-5B448-3C82C

Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección da sede electrónica <http://www.vigo.org/csv>

I. ELEMENTOS DO CONTRATO

CLÁUSULA 1.- ÓRGANO DE CONTRATACIÓN

1.- O órgano de contratación é a Xunta Reitora do Instituto Municipal dos Deportes do Concello de Vigo.

- A dirección postal é Avda. de Castrelos nº 1, 36210 Vigo.
- A dirección de Internet do órgano de contratación e o seu perfil do contratante é www.vigo.org
- O nº de fax do Rexistro Xeral do IMD é 986236488

2.- O servizo xestor do expediente é o designado no apartado 1.B das Follas de Especificación do Contrato (en adiante FEC).

3.- O responsable do contrato coas competencias que lle asigna o artigo 52 do Real Decreto Legislativo 3/2011, de 14 de novembro, polo que se aproba o texto refundido da Lei de Contratos do Sector Público(en adiante TRLCSP) é o que figura no apartado 1.C das FEC. Ademais destas competencias terá as seguintes:

- Proporen ó órgano de contratación as revisións de prezos, as modificacións contractuais e as prórrogas do contrato.
- Comprobar que o contratista achega para a execución do contrato ós medios materiais e persoais esixidos.
- Proporen ó órgano de contratación a incoación de expediente para a imposición de penalidades.
- Comprobar que o contratista está o corrente dos seus pagos cos provedores e subcontratistas que tiña contratado para a execución do contrato.
- Comprobar que o contratista cumpre coas condicións especiais de execución e as súas obrigas esenciais.
- Elaborar anualmente un informe sobre a execución do contrato, ou un informe final á finalización do contrato se fose de duración inferior ó ano, no que se fagan constar as incidencias producidas no seu desenvolvemento así como calquera outras circunstancias que estime relevantes. Deste informe se dará conta ó órgano de contratación no prazo dun mes dende a súa elaboración.

CLÁUSULA 2.- NATUREZA E RÉXIME XURÍDICO DO CONTRATO

1.- O presente contrato, de natureza administrativa, cualifícase como de subministro (artigo 9 TRLCSP). Se rexerá polo disposto neste prego, no que se inclúen os pactos e condicións definidoras dos dereitos e obrigas que asumirán o órgano de contratación, os licitadores e, no seu momento, as empresas adxudicatarias. Este prego establece as condicións xerais aplicábeis ás contratacións que tendo natureza análoga se adecúen ás condicións previstas nas cláusulas do Prego. A individualización de cada contratación conformarase mediante as especificacións previstas nas FOLLAS DE ESPECIFICACIÓNS DO CONTRATO (en adiante FEC)

2.- Terán carácter contractual, pola orde de prelación na que se indican, os seguintes documentos:



- As follas de especificacións do contrato (FEC).
- O presente prego de cláusulas administrativas particulares
- O prego de prescricións técnicas.
- A oferta do Adxudicatario.
- O documento no que se formalice o contrato.

3.- Sen prexuízo do disposto con carácter xeral para os contratos das Corporacións Locais, o contrato rexeráse polas seguintes normas:

- Real Decreto Legislativo 3/2011, de 14 de novembro, polo que se aproba o texto refundido da Lei de Contratos do Sector Público (TRLCSP).
- Real Decreto 817/2009, de 8 de maio, polo que se desenvolve parcialmente a Lei 30/2007, de 30 de outubro, de Contratos do Sector Público (RLCSP) no que non se opoña ó Real Decreto Legislativo 3/2011.
- Regulamento xeral da Lei de Contratos das Administracións Públicas aprobado por Real Decreto 1098/2001, de 12 de outubro (RXLCAP), no que non se opoña ó Real Decreto Legislativo 3/2011.

4.- Se o contrato é financiado con Fondos europeos (apartado 3.I da FEC) deberá someterse ás disposicións do tratado da Unión Europea e os actos fixados en virtude do mesmo e será coherente coas actividades, políticas e prioridades comunitarias a prol do desenvolvemento sustentable e mellora do medio ambiente, debendo promoverse-lo crecemento, a competitividade, o emprego e a inclusión social, así como a igualdade entre homes e mulleres, de conformidade co disposto no Regulamento (CE) nº 1083/2006 do Parlamento Europeo e do Consello, de 11 de xullo de 2006, polo que se establecen disposicións xerais relativas ó Fondo Europeo de Desenvolvemento Rexional, ó Fondo Social Europeo e ó Fondo de Cohesión.

5.- O órgano de contratación ostenta, en relación ó presente contrato, as prerrogativas de interpretalo, resolver as dúbidas que ofrezca o seu cumprimento, modificalo por razóns de interese público, acordar a súa resolución e determinar os efectos desta, consonte o previsto nos artigos 210 e 211 do TRLCSP.

CLÁUSULA 3.- OBXECTO DO CONTRATO

1.- O contrato terá por obxecto é a compra, adquisición ou aluguer dos produtos ou bens mobles que se indican no apartado 2 da FEC, coas especificacións técnicas que se describen no prego de prescricións técnicas particulares.

2.- No caso de que se prevexan lotes no apartado 2.D da FEC, poderase licitar pola totalidade ou por algún ou algúns dos mesmos. No caso de licitar pola totalidade especificarase, en todo caso, a oferta de cada lote.

3.- A CPV do contrato figura no apartado 2.B das FEC.

CLÁUSULA 4.- NECESIDADES ADMINISTRATIVAS A SATISFACER MEDIANTE O CONTRATO

Mediante a execución do contrato a que se refire este prego de cláusulas administrativas particulares se



satisfarán as necesidades que se describen no apartado 2.C das FEC.

CLÁUSULA 5.- RÉXIME ECONÓMICO-PRESUPOSTARIO DO CONTRATO

- 1.- O orzamento base de licitación é o que se fixa no apartado 3.A da FEC.
- 2.- A cantidade que neste contrato corresponde o Imposto sobre o Valor Engadido é a que se fixa no apartado 3.B da FEC.
- 3.- O valor estimado do contrato, de acordo co establecido no artigo 88 do TRLCSP, é o fixado no apartado 3.C da FEC
- 4.- No caso de que se establezan LOTES, o presuposto máximo de licitación para cada lote e o desglose do IVE fíxase no apartado 3.E da FEC.
- 5.- No apartado 3.F da FEC se fixan os prezos unitarios ou a referencia dos mesmos para o suposto que se esixan ou sexan obxecto de valoración na licitación.
- 6.- As ofertas dos licitadores deberán ser, en todo caso, iguais ou inferiores ó orzamento base de licitación. En caso contrario, serán excluídas da licitación.

CLÁUSULA 6.- APLICACIÓN ORZAMENTARIA E ANUALIDADES EN QUE SE DISTRIBÚE

- 1.- Para a execución dos compromisos económicos derivados da presente contratación existe crédito na aplicación presupostaria que se indica no apartado 3.G da FEC.
- 2.- No suposto de que no apartado 3.H da FEC se indique que o expediente de contratación se tramita como anticipado de gasto, a adxudicación do contrato quedará sometida á condición suspensiva de existencia de crédito adecuado e suficiente nos correspondentes presupostos.
- 3.- Se a execución do contrato abrangue máis dun exercicio presupostario, no apartado 3.D da FEC establece a previsión do desglose do presuposto en anualidades presupostarias. O gasto previsto para cada anualidade subordínase ó crédito que durante o prazo contractual autorice o respectivo presuposto conforme ó previsto no nº 1 do artigo 174 do Texto refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais.

CLÁUSULA 7.- PRAZO DE EXECUCIÓN

- 1.- O prazo de execución do contrato será o establecido no apartado 4.A da FEC.
- 2.- Os prazos parciais para a execución do contrato serán, no seu caso, os establecidos no apartado 4.B da FEC.
- 3.- O presente contrato poderá ser obxecto de prórroga polo período que se prevé no apartado 4.C da FEC, sempre que medie acordo expreso da Xunta Reitora do IMD, e que o contratista non se opoña a mesma cunha antelación de cinco meses á data de vencemento do contrato ou de calquera das súas prórrogas.



4.- Non se poderá iniciar a execución do contrato sen a previa formalización do mesmo.

5.- A data de inicio do contrato será a sinalada no apartado 4.D da FEC salvo nos supostos que se citan a continuación, nos que se fixará no contrato, dentro do prazo dos 30 días naturais seguintes á data de formalización do mesmo:

- Se no apartado 4.D da FEC non se fixa data para o comezo do contrato.
- Se por mor da tramitación do expediente de contratación non fose posible formalizar o mesmo antes da data sinalada no apartado 4.D da FEC.

6.- No caso dos contratos declarados urxentes o prazo de inicio da execución do contrato non poderá ser superior a quince días hábiles, contados desde a formalización. Se se excedese este prazo, o contrato poderá ser resolto, salvo que o atraso débese a causas alleas á Administración contratante e ó contratista e así se fíxese constar na correspondente resolución motivada (artigo 112.2.c TRLCSP).

CLÁUSULA 8.- APTITUDE PARA CONTRATAR

1.- Están capacitados para contratar con esta Administración as persoas naturais ou xurídicas, españolas ou estranxeiras, que teñan plena capacidade de obrar, acrediten a correspondente solvencia económica e técnica e non estean afectadas por ningunha das prohibicións de contratar enumeradas no artigo 60 do TRLCSP.

2.- A concorrencia destes requisitos será declarada polos licitadores presentando unha declaración responsable consonte ó modelo incluído como Anexo II a este prego.

3.- Estes requisitos deberán reunirse no momento de presentación das ofertas. A Administración poderá requirirles ós licitadores a acreditación destes requisitos en calquera momento do procedemento anterior á formulación da proposta de adxudicación. A falta de acreditación dos mesmos será causa de exclusión da licitación.

4.- En todo caso, o licitador situado no primeiro lugar na proposta de clasificación en orden descendente que formule a mesa de contratación deberá acreditar esta circunstancia no prazo dos dez días hábiles seguintes ó que lle sexa comunicado o acordo de clasificación adoptado polo órgano de contratación. Se acreditará, de conformidade co que dispón o artigo 146 do TRLCSP, achegando a seguinte documentación:

1º) Documentos acreditativos da personalidade xurídica

- Os empresarios individuais, copia do DNI.
- Os empresarios persoas xurídicas, a escritura ou os documentos en que conste a constitución da entidade e os estatutos polos que se rexa, debidamente inscritos no Rexistro Mercantil ou no que corresponda.
- A capacidade de obrar dos empresarios non españois que sexan nacionais de Estados membros da Unión Europea acreditarase pola súa inscrición no rexistro procedente de acordo coa lexislación do Estado onde estean establecidos, ou mediante a presentación dunha declaración xurada ou un



certificado, nos termos que se establezan regulamentariamente, de acordo coas disposicións comunitarias de aplicación.

- Os demais empresarios estranxeiros deberán acreditar a súa capacidade de obrar con informe da Misión Diplomática Permanente de España no Estado correspondente ou da Oficina Consular en cuxo ámbito territorial radique o domicilio da empresa.

2º) Documentos acreditativos da representación

Cando a proposición non apareza asinada polos licitadores deberá incluírse o poder outorgado a favor de quen ou quenes subscriban a proposición, xunto cunha copia do Documento Nacional de Identidade do ou dos apoderados.

3º) Documentos acreditativos da solvencia:

- Solvencia económica e financeira:

Acreditarase por calquera dos seguintes medios excepto que no apartado 6.A das FEC se determinen outros distintos:

- Declaración da cifra global de negocio no ámbito de actividades correspondentes ó obxecto do contrato expresada en anualidades e referida, como máximo, ós tres últimos exercicios. Considerarase con solvencia económica e financeira ós licitadores que no conxunto dos tres exercicios teñan un volume de facturación que sexa igual ou superior ó prezo do contrato.

- Solvencia técnica e profesional:

Acreditarase, por calquera dos seguintes medios, excepto que no apartado 6.B das FEC se determinen outros distintos:

- Unha relación dos principais subministracións similares ó obxecto do contrato realizadas nos últimos tres anos que inclúa importe, datas e o destinatario, público ou privado, dos mesmos por importe igual ou superior ó prezo do contrato. As subministracións efectuadas acreditaranse mediante certificados expedidos ou visados polo órgano competente, cando o destinatario sexa unha entidade do sector público; cando o destinatario sexa un suxeito privado, mediante un certificado expedido por este ou, a falta deste certificado, mediante unha declaración do empresario.

4º) Habilitación profesional:

Se achegará a documentación acreditativa da habilitación empresarial ou profesional, cando resulten esixibles pola normativa vixente relativa ó servizo obxecto do contrato se así se especificase no apartado 6.D das FEC.

5º) Certificados que acrediten que está ó corrente no cumprimento das obrigas tributarias fronte ó Estado, Comunidade autónoma e fronte á Tesourería da Seguridade Social que imponen as disposicións vixentes.



Non será necesario achegar certificado de estar ó corrente das obrigas tributarias fronte ó Concello de Vigo, e o IMD, por canto será solicitado de oficio polo servizo xestor do Contrato á Tesourería municipal e o propio IMD.

6º) Medios persoais e materiais a adscribir á execución do contrato

O contratista deberá achegar compromiso de adscripción á execución do contrato dos medios persoais e materiais, que no seu caso, se fixen no apartado 6.C das FEC.

5.- Os licitadores que estivesen inscritos no Rexistro Xeral de Contratistas da Comunidade Autónoma de Galicia, regulado polo Decreto 262/2001, de 20 de setembro (D.O.G. nº. 200 do 16 de outubro de 2001), ou no Rexistro Voluntario de Licitadores do Ministerio de Economía e Facenda, están exentos de presentar a documentación que obre nos mesmos sempre que se atope vixente. En este caso, deberá presentarse acreditación da inscrición no correspondente rexistro actualizada á data da licitación.

6.- Presentada a documentación acreditativa da capacidade do contratista a Mesa de contratación delega na Secretaría da mesma a facultade de cualificar a documentación achegada polo licitador e, no seu caso, cando esta non sexa conforme co previsto no artigo 146 do TRLCSP e no apartado 4 desta cláusula, poderá requirirle a súa subsanación, concedéndolle ó efecto un prazo de tres días hábiles e sen prexuízo da súa comprobación polos integrantes da Mesa. De todo o actuado se dará conta á Mesa con carácter previo á formulación por esta da proposta de adxudicación ó órgano de contratación.

7.- No caso de que os datos incluídos na declaración responsable non sexan veraces, con independencia da responsabilidade penal na que puidera incurrir o declarante, a Administración municipal declarará a existencia de prohibición para contratar de acordo co previsto no artigo 61 do TRLCSP, excluírá ó licitador do procedemento e lle reclamará 250 € en concepto de danos e prexuízos.

II. ADXUDICACIÓN E FORMALIZACIÓN DO CONTRATO

CLÁUSULA 9.- PROCEDEMENTO DE ADXUDICACIÓN E FORMA DE TRAMITACIÓN

1.- O contrato adxudicarase aplicando o procedemento aberto e a forma de tramitación do expediente será a fixada no apartado 1.G da FEC podendo ser:

- Ordinaria, conforme ó disposto no artigo 109 do TRLCSP.
- Urxente, segundo o previsto no artigo 112 do TRLCSP. Neste caso deberá constar no expediente a resolución pola que se declara e motiva esta clase de tramitación.

2.- A tramitación urxente do contrato suporá a redución dos prazos na forma sinalada nos artigos 112 e 144 do TRLCSP.



CLÁUSULA 10.- IMPORTE MÁXIMO DOS GASTOS DE PUBLICIDADE DE LICITACIÓN DO CONTRATO QUE DEBE ABOAR O ADXUDICATARIO

O adxudicatario estará obrigado a satisfacer os gastos de publicidade da licitación ata o importe que se estableza no apartado 5.A da FEC.

CLÁUSULA 11.- RENUNCIA E DESESTIMENTO

1.- O órgano de contratación poderá acordar a renuncia á celebración do contrato, por razóns de interese público debidamente xustificadas, ou o desestimento do procedemento, baseado nunha infracción non subsanable das normas de preparación do contrato ou das reguladoras do procedemento de adxudicación, en ambos os casos antes da adxudicación do contrato.

2.- Esta circunstancia deberá ser notificada ós licitadores e comunicarse á Comisión Europea cando o contrato fose anunciado no Diario Oficial da Unión Europea (artigo 155 TRLCSP).

3.- En caso de renuncia ou desestimento, compensarase a cada un dos licitadores polos gastos en que incorrese (artigo 155.2 TRLCSP). Iso no entanto, esta indemnización non superará en ningún caso a cantidade que se fixe no apartado 5.B das FEC.

CLÁUSULA 12.- PRESENTACIÓN DE DOCUMENTACION

1.- Para tomar parte na licitación será preciso que o interesado achegue a documentación distribuída en tres sobres: 1) SOBRE A: DOCUMENTACIÓN PERSOAL, 2) SOBRE B: PROPOSICIÓN AVALIABLE MEDIANTE XUÍZO DE VALOR e 3) SOBRE C: PROPOSICIÓN AVALIABLE MEDIANTE FÓRMULA. Eventualmente, no caso de ser esixidas mostrase no apartado 8.A das FEC, se incluírá un cuarto sobre 4) SOBRE D: MOSTRAS.

2.- No entanto, nos procedementos nos que a totalidade dos criterios de adxudicación sexan avaliábles mediante fórmula unicamente se presentarán dous sobres: o sobre A, coa documentación esixida na cláusula 13 e o sobre C, que conterá o modelo de proposición que figura no apartado 7.B) das FEC.

3.- Os sobres estarán pechados, e poderán ser lacrados e precintados. No seu exterior constaran como mínimo os seguintes datos:

- Indicación do sobre do que se trata: “Sobre A, documentación persoal”, “Sobre B, proposición avaliable mediante xuízo de valor” ou “Sobre C, proposición avaliable mediante fórmula”.
- Número de expediente (apartado 1.A da FEC) e obxecto da licitación (apartado 2.A da FEC) á que concorran.
- No caso de que se prevea a licitación por lotes se indicarán os lotes ós que presenta oferta.
- Os datos seguintes do licitador: Nome, CIF ou NIF, dirección postal, teléfono, fax, correo electrónico e no suposto de que o licitador este inscrito no rexistro de contratistas da Xunta de Galicia o número de inscrición.
- Lugar, data e sinatura do licitador ou do seu representante.



4.- No interior de cada sobre farase constar en folia independente o índice do seu contido, enunciado numericamente. A documentación incluída en cada sobre deberá estar paxinada.

5.- A presentación das proposicións deste procedemento se poderá realizar no Rexistro Xeral do Instituto Municipal dos Deportes do Concello de Vigo (Avda de Castrelos nº 1, 36210 Vigo) en horario de 9 a 13,30 horas os días laborables e de 9 a 13 horas os sábados. O licitador terá dereito a obter, como acreditación da presentación, recibo no que constará o nome do licitador, a denominación do obxecto do contrato e o día e hora da presentación. Non será admitida a documentación se é recibida no Rexistro Xeral deste organismo autónomo con posterioridade á data da terminación do prazo sinalado no anuncio.

6.- Así mesmo, as proposicións poderán ser presentadas por correo. Admitiranse as ofertas presentadas nas oficinas de correos ata as 23.59 horas do último día do prazo establecido para a presentación de ofertas. En tal caso, o empresario deberá xustificar a data de imposición do envío na oficina de Correos e anunciar ó Rexistro Xeral do Instituto Municipal dos Deportes do Concello de Vigo a remisión da oferta mediante télex, fax ou telegrama no mesmo día. Sen a concorrencia de ambos requisitos non será admitida a documentación se é recibida polo órgano de contratación con posterioridade á data e hora da terminación do prazo sinalado no anuncio. Transcorridos, no entanto, dez días a partir da indicada data sen haberse recibido a documentación enviada por correo, esta non será admitida en ningún caso.

7.- En ningún caso poderá presentarse máis dunha oferta, aínda que se faga mediante sistemas distintos. A presentación de dúas ofertas implicará a non admisión do licitador no procedemento de referencia.

CLÁUSULA 13.- FORMA EN QUE DEBEN PRESENTARSE A DOCUMENTACIÓN E AS PROPOSICIÓNS

1.- A documentación dos sobres A e C poderá presentarse en papel ou en formato dixital.

2.- A documentación do sobre B deberá presentarse necesariamente en formato dixital.

3.- A presentación dixital deberá reunir os seguintes requisitos:

- Axuntarse en documento non editable e en formato PDF ou similar.
- O soporte físico que conteña os arquivos deberá estar etiquetado. A etiqueta deberá incluír o nome da empresa ou o número de rexistro da mesma no Rexistro de Contratistas da Xunta de Galicia ou no Rexistro Voluntario de Licitadores do Ministerio de Economía e Facenda, a mención do sobre de que se trate (A, B ou C) e o nº de expediente.
- Estar firmada dixitalmente por persoa con poder de representación acreditado. Se o soporte non esta asinado dixitalmente, deberá acompañarse unha declaración escrita do licitador sinalando que o contido do soporte dixital aportado se corresponde coa proposición do sobre de que se trate, e deberá ser asinado por persoa con poder de representación acreditado.
- Se o licitador adxunta documentos encriptados, deberá facilitar a clave de encriptación e o programa para abrílo.



- Se utilizase formato distinto ó PDF, deberá facilitar o programa que permita visualizar esta documentación.

4.- Se non se facilitasen as claves de encriptación e/ou os programas citados no apartado anterior coa documentación, deberá facerse con carácter previo á data fixada para apertura do correspondente sobre. En caso contrario, o licitador non será admitido na licitación de tratarse do sobre A ou será excluído da mesma de tratarse dos sobres B ou C.

5.- O contido dos sobres será o seguinte:

A) SOBRE A: DOCUMENTACIÓN PERSOAL

Presentarase unha declaración responsable consonte o modelo incluído como Anexo II a este prego.

B) SOBRE B: PROPOSICIÓN AVALIABLE MEDIANTE XUÍZO DE VALOR

Incluirá aqueles documentos que sexan precisos para a valoración dos criterios que dependan dun xuízo de valor e aqueles outros documentos que se esixan no apartado 7.A das FEC.

A documentación incluída neste sobre deberá cumprir os seguintes requisitos:

- Se presentará en formato dixital (formato PDF ou similar) que permita a copia do texto ó portapapeis e impresión.
- Se presentará dobre copia.

A Mesa, en resolución motivada, excluírá da licitación as proposicións nas concorra algunha das seguintes circunstancias:

- A incorporación a este sobre dos documentos acreditativos dos criterios que poidan valorarse mediante cifras ou porcentaxes obtidos a través da aplicación de fórmulas previstas no apartado 9.B da FEC.
- A falta de presentación dos documentos esixidos no apartado 7.A da FEC, salvo que neste se estableza o contrario.
- Que non se axuste ó disposto no prego de prescricións técnicas.

C) SOBRE C: PROPOSICIÓN AVALIABLE MEDIANTE FÓRMULA

A proposición avaliable mediante fórmula deberá ser formulada de acordo co modelo que se fixa no apartado 7.B das FEC.

A Mesa, en resolución motivada, excluírá da licitación as proposicións nas concorra algunha das seguintes circunstancias:



- Que non gardase concordancia coa documentación examinada e admitida.
- Excedese do presuposto base de licitación.
- Se apartase substancialmente do modelo establecido.
- Comportase erro manifesto no importe da proposición.
- Existise recoñecemento por parte do licitador de que adoece de erro ou inconsistencia que a fagan inviable.

D) SOBRE D: MOSTRAS

Poderá esixirse, se así se indica no apartado 8.A das FEC, que para tomar parte na licitación as empresas presenten unha mostra dos bens ou produtos que pretendan subministrar.

Os bultos que conteñan as mostras deberán levar, en lugar visible, unha etiqueta identificativa, na que se especificará: Sobre D. Documentación técnica/mostras, denominación e número do procedemento, nome do licitador e número de bultos que compoñen o envío da mostra. Igualmente deberán etiquetarse todas e cada unha das mostras entregadas, indicando, ademais a empresa licitadora, e, no seu caso, o número de variante ou lote que corresponda.

No caso de que se especifique un lugar de entrega no apartado 8.B da FEC, as mostras deberán entregarse e depositarse no lugar indicado, en todo caso dentro do prazo de presentación de proposición. Ó depositante se lle entregará un recibo que acredite a data e hora en que se realice o depósito das mostras presentadas, conservando a Administración copia asinada polo depositante.

As mostras deberán cumprir a norma de embalaxe que determine o Prego de Prescricións Técnicas.

As mostras presentadas polas empresas que non resultaran adxudicatarias, poderán ser retiradas, previa presentación do correspondente recibo, no prazo de trinta días contados a partires do seguinte á notificación da resolución de adxudicación, salvo aquelas que o órgano de contratación considere oportuno reter, por haberse interposto recurso, reclamación ou existir calquera outra incidencia contractual.

As mostras presentadas polos adxudicatarios non poderán ser retiradas ata que se efectúe a recepción do subministro. Unha vez efectuada a entrega, o adxudicatario disporá de trinta días, a partires da firma da última acta de recepción, para solicitar por escrito do órgano de contratación autorización para a retirada das mostras.

Transcorridos os prazos anteriores, as mostras quedarán a disposición do órgano de contratación, que quedará exento de toda a responsabilidade sobre as mesmas.

As mostras non poderán incorporarse como unidades do subministro, salvo autorización expresa do órgano de contratación.



CLÁUSULA 14.- PRAZO DE PRESENTACIÓN DA DOCUMENTACIÓN E DEMAIS REQUISITOS DAS PROPOSICIÓN

- 1.- A documentación se presentará dentro do prazo fixado no anuncio da licitación.
- 2.- As proposicións dos interesados deberán axustarse ó previsto no prego de cláusulas administrativas particulares, e a súa presentación suporá a aceptación incondicionada polo empresario do contido da totalidade de devanditas cláusulas ou condicións, así como do proxecto, no seu caso, e do prego de prescricións técnicas, sen excepción ou reserva algunha.
- 3.- As proposicións serán secretas e se arbitrarán os medios que garantan tal carácter ata o momento en que deba procederse á apertura en público das mesmas.
- 4.- Cada licitador non poderá presentar máis dunha proposición, sen prexuízo da admisibilidade de melloras cando así se estableza no apartado 10.A das FEC. Tampouco poderá subscribir ningunha proposta en unión temporal con outros se o fixo individualmente ou figurar en máis dunha unión temporal.
- 5.- A infracción destas normas dará lugar á non admisión de todas as propostas por el subscritas.

CLÁUSULA 15.- CRITERIOS PARA A ADXUDICACIÓN DO CONTRATO

- 1.- O órgano de contratación acordará a adxudicación mediante a aplicación dos criterios previstos nos apartados 8.A e 8.B da FEC.
- 2.- Os criterios avaliábles mediante fórmula se valorarán da seguinte forma:

Para valorar as baixas sobre o prezo de licitación proposto pola Administración, se aplicará a seguinte formula en relación o valor porcentual da baixa realizada polo licitador que será calculada con dous decimais).

FORMULA DE APLICACIÓN PARA A VALORACIÓN POR FORMULAS DO PREZO OFERTADO:

$$Pofv = \text{MaxP} - \text{MaxP} \times \left(\frac{(\%B_{\text{max}} - \%B_{\text{ofv}})^3}{(\%B_{\text{max}})^3} \right)$$

Pofv= Puntos da oferta a valorar

MaxP= Máxima puntuación para o criterio a avaliar.

%Bmax= Porcentaxe da baixa ofertada máxima entre todas as ofertas admitidas.

%Bofv= Porcentaxe da baixa da oferta a valorar.

(o resultado da división da formula será aplicado con ata un máximo de 4 decimais e o resultado final da formula será redondeado a dous decimais)



3.- As fórmulas so serán de aplicación para valorar ofertas admitidas. As ofertas que contendan valores anormais ou desproporcionados de acordo co establecido na cláusula 17 deste prego, non serán obxecto de valoración. Tampouco serán de aplicación cando no procedemento so exista un licitador admitido. En este caso outorgaráselle a máxima puntuación sen necesidade de aplicar a fórmula.

4.- Na aplicación das fórmulas so se terán en conta dous decimais.

5.- Os eventuais empates resolveranse no primeiro lugar a favor da oferta que inclúa un menor prezo.

En segundo lugar, a favor da empresa que obtivese a maior puntuación nos criterios avaliábles mediante xuízo de valor establecidos na cláusula 8.A das FEC, por orden de importancia en canto á maior ponderación asignada en cada un dos criterios. En caso de que se asine idéntica ponderación ós criterios, polo orden no que se relacionen na cláusula 8.A das FEC.

De persistir o empate, resolverase a favor das proposicións presentadas por aquelas empresas que, no momento de acreditar a súa solvencia técnica, teñan no seu persoal un número de traballadores con discapacidade superior ó 2 %. Para acreditar esta circunstancia será preciso presentar os contratos de traballo e documentos de cotización á seguridade social dos traballadores discapacitados. Se esta circunstancia concorre en varias das empresas empatadas, terá preferencia na adxudicación do contrato o licitador que dispoña de maior porcentaxe de traballadores fixos con discapacidade na plantilla do seu persoal.

Se continuase o empate se efectuará un sorteo.

CLÁUSULA 16.- MELLORAS

1.- Se así se establece no apartado 10.A da FEC os licitadores poderán presentar melloras do contrato cos requisitos, límites e modalidades que se fixan no apartado 10.B da FEC.

2.- En todo caso as melloras propostas deberán ter relación directa co obxecto do contrato.

CLÁUSULA 17.- CRITERIOS PARA A CONSIDERACIÓN DE QUE A OFERTA CONTÉN VALORES ANORMAIS OU DESPROPORCIONADOS

1.- Considerarase que a proposición contén valores anormais ou desproporcionados nos seguintes casos:

- a. **Se o contrato debe adxudicarse tendo en conta un único criterio de valoración**, cando se cumpra o disposto no artigo 85 do RXLCAP.
- b. **Cando a adxudicación deba facerse tendo en conta máis dun criterio de adxudicación**, considerarase que conteñen valores anormais ou desproporcionados aquelas ofertas nas que a baixa sobre o presuposto de licitación en valor porcentual, sexa superior ó valor resultante da suma de dez puntos porcentuais do valor da media aritmética das baixas ofertadas en valor porcentual.



As ofertas ordenaranse por orden decrecente do valor da baixa. Para o calculo da media aritmética das baixas serán descartadas as seguintes ofertas:

- entre 3 e 5 ofertas admitidas: se eliminará so a oferta que conteña o valor máis alto.
- entre 6 e 10 ofertas admitidas: se eliminarán a oferta que conteña o valor máis alto e a que conteña o valor máis baixo.
- entre 11 e 15 ofertas admitidas: se eliminarán as dúas ofertas que conteñan o valor máis alto, aínda que o valor de baixa sexa idéntico e a que conteña o valor máis baixo.
- máis de 15 ofertas: se eliminarán as dúas ofertas que conteñan o valor máis alto, aínda que o valor de baixa sexa idéntico e as dúas ofertas que conteñan o valor máis baixo.

Entre os valores de baixa en euros non descartados será calculada a media aritmética dos mesmos e dito valor constituirá a media aritmética das baixas ofertadas. Será calculado en valor porcentual e se aplicará con dous decimais.

2.- No apartado 9.G das FEC poderán fixarse outros criterios para determinar cando as ofertas deberán considerarse anormais ou desproporcionadas.

3.- Cando aplicando estes criterios se identifique unha proposición que poida ser considerada desproporcionada ou anormal, se lle notificará ó licitador por correo electrónico e se lle concederá audiencia por un prazo máximo de tres días hábiles para que xustifique a valoración da oferta e precise as condicións da mesma de acordo co establecido no artigo 152.3 do TRLCSP.

4.- Á vista da xustificación presentada e do informe do servizo xestor, a Mesa de contratación deberá propoñer ó órgano de contratación a aceptación ou rexeitamento da citada proposición por non poder ser cumprida como consecuencia da inclusión de valores anormais ou desproporcionados. Neste último caso, o órgano de contratación terá que excluila do proceso de licitación.

CLÁUSULA 18.- DEBER DE CONFIDENCIALIDADE

1.- Sen prexuízo das disposicións do Texto Refundido da Lei de contratos do sector público, relativas á publicidade da adxudicación e á información que debe darse ós licitadores, estes poderán designar como confidencial parte da información facilitada por eles ó formular as ofertas, en especial con respecto ós segredos técnicos ou comerciais e ós aspectos confidenciais das mesmas. Os órganos de contratación non poderán divulgar esta información sen o seu consentimento.

2.- De igual modo, o contratista deberá respectar o carácter confidencial daquela información á que teña acceso con ocasión da execución do contrato á que se lle deu o referido carácter nos pregos ou no contrato, ou que pola súa propia natureza deba ser tratada como tal. Este deber manterase durante un prazo de cinco anos desde o coñecemento desa información, salvo que os pregos ou o contrato establezan un prazo maior.

CLÁUSULA 19.- APERTURA DA DOCUMENTACIÓN E DAS PROPOSICIÓNS

1.- A cualificación dos documentos e o exame e a valoración das proposicións correspóndelle á **Mesa de**



contratación do Instituto Municipal dos deportes, cuxa composición figura no perfil do contratante do mesmo, que se atopa na páxina WEB www.vigo.org.

- No día e hora anunciados no perfil do contratante, a Mesa se reunirá para a apertura dos sobres A e B.
- Aberto o sobre A, a Mesa declarará admitidos inicialmente á licitación ós licitadores que tiñan presentado correctamente a declaración responsable incluída como Anexo II, a salvo de que nun momento posterior do procedemento, tras serles requirida, no seu caso, a acreditación do cumprimento dos requisitos esixidos para presentarse ó presente procedemento, de non reunilos se lle exclúa da mesma.
- Se a Mesa de contratación observase defectos ou omisións na declaración responsable que se inclúe no sobre A, ou do seu contido puidera deducirse que algún dos licitadores non reúne os requisitos para ser admitido como licitador no presente procedemento, lle comunicará ós interesados por correo electrónico ou fax esta circunstancia, concedéndoselles un prazo non superior a tres días hábiles para que os corrixan ou emenden. O cómputo do citado prazo se iniciará no momento no que o licitador reciba a comunicación.
- A continuación se procederá, en acto público, a apertura do sobre B. Este acto desenvolverase de conformidade co establecido no artigo 83 do RXLCAP.
- A Mesa procederá á valoración do sobre B. A estes efectos, poderá solicitar os informes técnicos que estime precisos. O resultado da valoración darase a coñecer no perfil do contratante con carácter previo ó acto público de apertura do sobre C.
- A apertura do **sobre C** terá lugar, en acto público, no día e hora anunciado no perfil do contratante. No mesmo, darase a coñecer o contido das proposicións económicas dos licitadores admitidos.

2.- A Mesa poderá acordar, motivadamente, propoñer ó órgano de contratación o **rexeitamento das proposicións inicialmente admitidas**, sempre e cando a documentación relativa á proposición avaliable mediante xuízo de valor e/ou proposición avaliable mediante fórmula que conteñan, contradiga as previsións dos Pregos. Desta circunstancia darase coñecemento inmediato ó licitador rexeitado por correo electrónico ou fax para os efectos oportunos.

3.- De todo o actuado deixarase constancia documental no expediente.

CLÁUSULA 20.- NOTIFICACIÓN DOS ACTOS DE EXCLUSIÓN DE LICITADORES

Cando o órgano de contratación ou a Mesa de contratación acorde, en uso das facultades que lle confire a lexislación contractual vixente, o rexeitamento de proposicións inicialmente admitidas comunicará esta circunstancia ós licitadores a través correo electrónico ou fax.

CLÁUSULA 21.- ADXUDICACIÓN

1.- O órgano de contratación clasificará as proposicións presentadas de acordo co disposto no artigo 151.1 do TRLCSP e requirirá ó licitador cuxa oferta estea clasificada en primeiro lugar, para que presente no prazo máximo de dez días hábiles, a documentación sinalada no artigo 151.2 do TRLCSP con excepción do certificado de estar ó corrente das obrigas tributarias fronte ó Concello de Vigo e o IMD, por canto este será



solicitado de oficio polo servizo de xestor do expediente á Tesourería municipal e do propio IMD. Así mesmo se lle esixirá a acreditación dos seguintes extremos:

- O pagamento dos anuncios de licitación, cuxo importe non poderá superar o límite fixado no apartado 5.A das FEC.
- Cando se esixa ó adxudicatario no apartado 15.A das FEC que concerte algún tipo de seguro, a póliza correspondente.
- Compromiso de adscrición á execución do contrato dos medios persoais e materiais ós cales se comprometeu na súa oferta.

2.- Esta documentación será revisada pola Mesa de contratación xunto coa prevista na cláusula 8.4. De resultar correcta, a Mesa formulará proposta de adxudicación ó órgano de contratación. En caso contrario, se o licitador non cumprimentase adecuadamente o requirimento no prazo sinalado, entenderase que retira a súa oferta, e se procederá a solicitar a mesma documentación ó licitador seguinte, pola orde en que quedaron clasificadas as ofertas.

3.- O contrato deberá adxudicarse no prazo de cinco días hábiles seguintes á recepción da citada documentación.

4.- A adxudicación do contrato será notificada ós participantes na licitación.

CLÁUSULA 22.- GARANTÍAS ESIXIBLES

1.- Poderán esixirse as seguintes garantías:

- **Provisional:** non se esixe para participar na licitación agás cando así se indique no apartado 11.A da FEC). Cando a contratación se presente por lotes, as garantías provisionais presentaranse só respecto dos lotes ós que se licite. Neste caso se establecerá o importe desagregado de garantías por lote no apartado 11.B da FEC.
- **Definitiva:** o licitador clasificado en primeiro lugar deberá prestar unha garantía do 5% do importe da adxudicación do contrato, sen incluír o IVE.
- **Complementaria:** se constituirá se así o esixe o apartado 11.B das FEC.

2.- As garantías poderán constituírse en calquera das formas previstas no artigo 96.1 e 2 do TRLCSP, cos requisitos esixidos nos artigos 55 a 58 do RXLCAP.

3.- A constitución de garantía xustificarse, segundo sexa a súa forma de constitución, do seguinte xeito:

- **En metálico ou mediante certificados de inmovilización de valores anotados públicos ou privados,** haberá de depositarse na Caixa do IMD de Vigo e acreditarse acompañando o resguardo xustificativo.
- Mediante **aval**, se acreditará coa presentación do documento no que se formalice.
- Mediante **contrato de seguro de caución**, se acreditará coa presentación do certificado individual de seguro.



CLÁUSULA 23.- FORMALIZACIÓN DO CONTRATO

- 1.- A formalización do contrato se efectuará en documento administrativo dentro dos quince días hábiles seguintes á recepción polos licitadores da notificación da adxudicación.
- 2.- Poderá formalizarse tamén en escritura pública, a solicitude do adxudicatario, sendo neste último caso do seu cargo os correspondentes gastos, conforme ó artigo 156 do TRLCSP.
- 3.- Se o contrato é susceptible de recurso especial en materia de contratación conforme ó artigo 40.1 do TRLCSP, a formalización non poderá efectuarse antes de que transcorran quince días hábiles desde que se remita a notificación da adxudicación ós licitadores.
- 4.- Cando os licitadores concorran en Unión Temporal de Empresas, será requisito imprescindible que con carácter previo á formalización do contrato acheguen a escritura de constitución da mesma.

III. EXECUCIÓN DO CONTRATO

CLÁUSULA 24.- PRAZOS

- 1.- O adxudicatario estará obrigado ó cumprimento do prazo total fixado para a realización do contrato, así como dos prazos parciais que, no seu caso, se teñan establecido.
- 2.- Cando o contratista, por causas que lle sexan imputables, incorra en demora ó respecto do cumprimento do prazo total ou dalgún ou varios prazos parciais, ou cando a demora no cumprimento destes últimos faga presumir razoablemente a imposibilidade de cumprir o prazo total, o IMD poderá optar, indistintamente, pola resolución do contrato ou pola imposición das penalidades que se establecen no artigo 212 do TRLCSP.

CLÁUSULA 25.- EXECUCIÓN DO CONTRATO

- 1.- O contrato executarase con subxección ó previsto no seu clausulado, neste prego, no prego de prescricións técnicas e na oferta do contratista, de acordo coas instrucións que para a súa interpretación formule, no seu caso, o órgano de contratación ó contratista.
- 2.- A execución do contrato realizarase a risco e ventura do contratista, non obstante o establecido no artigo 231 do TRLCSP, para os supostos de forza maior.
- 3.- O contratista será responsable da calidade técnica dos traballos que desenvolva e das prestacións realizadas, así como das consecuencias que lle sexan atribuíbles e que se deduzan para a Administración ou para terceiros das omisións, erros ou, en xeral, da incorrecta execución do contrato.
- 4.- O adxudicatario, deberá adoptar as seguintes medidas de carácter medioambiental durante a execución do servizo:



1. Minimización do consumo de auga e a reutilización de mesma.
2. Minimización do consumo de recursos naturais como materias primas e de combustibles.
3. Minimización da xeración de residuos perigosos e non perigosos así como a súa reutilización ou reciclaxe.
4. Limpeza dos equipos e maquinaria utilizados para a prestación do servizo con produtos non contaminantes e en lugares adecuados ó efecto.
5. Minimización de ruídos e vibracións que poidan ocasionar molestias ós veciños e traballadores.
6. Os traballos que impliquen ruídos e vibracións molestas se realizarán en horarios compatibles co descanso dos cidadáns.
7. Os residuos susceptibles de reciclado se depositarán en colectores independentes para facilitar o seu tratamento.

5.- O órgano de contratación poderá acordar a suspensión da execución nos seguintes supostos:

- a. Cando circunstancias sobrevidas o aconsellen e así o decidan de mutuo acordo ambas partes.
- b. A instancia do contratista cando o IMD se demore no pago do prezo máis de catro meses conforme o disposto no artigo 216.5 do TRLCSP.
- c. Por razóns de interese público.

Nos dos últimos supostos o IMD deberá abonar o contratista os danos e prexuízos que efectivamente se lle tiñan causado por mor da suspensión.

6.- Será obrigación do contratista indemnizar todos os danos e prexuízos que se causen a terceiros como consecuencia das operacións que requira a execución do contrato, de acordo co disposto no artigo 214 do TRLCSP.

CLÁUSULA 26.- CONDICIÓNES ESPECIAIS DE EXECUCIÓN

1.- Se considerará condición especial de execución a obriga do contratista de estar o corrente dos pagos cos seus subcontratistas e subministradores no ámbito deste contrato. Ó obxecto de poder comprobar o seu cumprimento o contratista remitirá mensualmente coa factura os seguintes documentos:

- Relación detallada daqueles subcontratistas ou subministradores cos que formalizase relación contractual.
- Declaración responsable de estar o corrente de pago nos prazos acordados cos subcontratistas ou subministradores respecto dos traballos executados no ámbito da factura presentada.

A administración se reserva o dereito de requerirle documentación probatoria destes pagos sempre que o estime oportuno.

2.- O órgano de contratación poderá establecer outras condicións especiais en relación coa execución do contrato que figurarán, no seu caso, no apartado 18.A das FEC. Estas poderán referirse, entre outras, a calquera das consideracións de tipo ambiental ou social mencionadas no artigo 118.1 do TRLCSP ou ás previstas nos apartados 3, 4, 5 e 6 desta cláusula.





3.- Se poderá establecer como condición especial de execución a inserción sociolaboral de persoas con discapacidade ou en risco de exclusión social por estar desempregadas en circunstancias que determinen unha especial dificultade para acceder ó emprego. A empresa adxudicataria ten a obriga de incorporar para a execución da prestación obxecto do contrato, polo menos un 20 por cento de persoas nas que concorran as citadas circunstancias. A porcentaxe de inserción computarase en relación co número total de horas que vaian destinarse á execución do contrato polos traballadores, tanto pola empresa contratista adxudicataria como, no seu caso, polos subcontratistas. Cando no contrato estea prevista a adxudicación por lotes, o contratista que resultase adxudicatario de dous ou máis lotes poderá decidir, si na FEC non se establece previsión ó respecto, a forma de cumprimento do compromiso de contratación, e facelo ben de forma proporcional en cada un dos lotes ou mediante a súa aplicación a algún ou algúns dos lotes. Subsidiariamente a empresa adxudicataria poderá acreditar o seu cumprimento mediante o compromiso de subcontratación cunha Empresa de Inserción ou un Centro Especial de Emprego, por idéntica porcentaxe respecto ao orzamento de adxudicación do contrato.

Sen prexuízo da seu eventual concreción ou determinación específica na FEC, consideraranse en especial dificultade para acceder ó emprego as seguintes persoas:

- α. As persoas perceptoras de renda de inclusión social, ou prestación de igual natureza. A condición de beneficiario das mesmas acreditarase por certificado dos servizos sociais correspondentes.
- β. As persoas con discapacidade, con minusvalía recoñecida igual ou superior ao 33%. Acreditarase con certificado expedir polo organismo oficial competente.
- χ. As persoas desempregadas de longa duración inscritas como demandantes de emprego durante polo menos 12 meses e de forma continuada. Acreditarase con certificado do correspondente servizo público de emprego.
- δ. As persoas maiores de 50 anos inscritas como paradas polo menos durante 3 meses continuados e, en particular, aquelas que non haxan cotizado o período esixido para xerar dereito á pensión de xubilación. Acreditarase con certificado do correspondente servizo público de emprego.
- ε. As mulleres maiores de 30 anos que accedan por primeira vez ao emprego. Acreditarase con certificado do correspondente servizo público de emprego.
- φ. Os xoves de entre 18 e 30 anos de idade inscritos como parados durante un mínimo de 6 meses de forma continuada. Acreditarase con certificado do correspondente servizo público de emprego.
- γ. Os proxenitores de familias monoparentais inscritos como parados un mínimo de 3 meses de forma continuada e con descendentes ó seu cargo sen actividade retribuída. Acreditarase co libro de familia, declaración xurada, así como certificado do correspondente do servizo público de emprego.
- η. As persoas pertencentes a familias numerosas inscritos como parados un mínimo de 3 meses de forma continuada con máis de tres membros dependentes. Acreditarase co libro de familia, declaración xurada, así como certificado do correspondente servizo público de emprego ou social.

A empresa adxudicataria comunicará os datos relativos ás persoas seleccionadas, e presentará os contratos de traballo e a copia do alta na Seguridade Social no prazo dun mes desde que se realicen as contratacións do persoal establecidas na presente condición de execución.

Si existise o deber de subrogar ó persoal ou outras circunstancias no momento de iniciarse a execución do



contrato que impedisen cumprir coa porcentaxe sinalada, a empresa deberá contratar este perfil de persoas en todas as novas contratacións, baixas e substitucións que precise ou se produzan ata alcanzar devandita porcentaxe.

Mentres dure a prestación do contrato, a empresa adxudicataria deberá presentar os TC1 e TC2 e o libro de matrícula da empresa con carácter mensual, para que o responsable do contrato poida comprobar o efectivo cumprimento desta condición.

4.- Se poderá establecer como condición especial de carácter social que a empresa adxudicataria estableza medidas que favorezan a conciliación da vida persoal, familiar e laboral das persoas adscritas á execución do contrato, conforme ó establecido na Lei Orgánica 3/2007, de 22 de marzo, para a igualdade efectiva de mulleres e homes.

5.- Se poderán establecer como condicións especiais de execución de carácter medioambiental algunha das seguintes, sempre e cando teñan relación directa co obxecto do contrato:

- A redución de emisións de gases de efecto invernadoiro (GEIs) tales como o CO₂, HFC, PFC e SF₆.
- A redución de emisións contaminantes tales como as partículas (PM₁₀, PM_{2,5}), os disolventes (COV) e óxidos de nitróxeno.
- A eficiencia enerxética e utilización de fontes de enerxía renovables.
- A minimización de vertido ao auga das sustancias priorizadas pola Directiva Marco do Auga (2000/60/CE).
- A eliminación ou redución da utilización de produtos ou sustancias perigosas carcinogénicas, mutagénicas e tóxicas para a reprodución (CMR) e en especial a sustancias con risco R 50/53.
- A minimización do consumo de recursos naturais como materias primas, combustibles e auga.
- A mínima xeración de residuos perigosos e non perigosos así como o seu reutilización ou reciclaxe.
- A incorporación de materiais reciclados ó produto final.
- Cumprimento dalgunhas etiquetas ecolóxicas, norma UNE 150301 de codiseño e outros distintivos de calidade do produto ou servizo.
- Reutilización e/ou reciclado de envases e produtos usados e a súa correcta eliminación a través de xestor autorizado.
- Recolleita selectiva dos residuos, mantendo as diferentes fraccións separadas para a súa correcta xestión.
- Formación en materia medioambiental do persoal destinado á execución do contrato (xestión de residuos, de produtos, redución de consumos de enerxía e auga ou outros aspectos derivados das condicións ambientais establecidas no contrato.
- Elaboración de instrucións de traballo que conteñan principalmente información ambiental, de saúde laboral e de seguridade e que estean accesibles nos postos de traballo.

6.- Se para a execución do contrato se utilizasen produtos susceptibles de ser fabricados en países en vías de desenvolvemento o contratista deberá acreditar o respecto dos dereitos laborais básicos ó longo de toda a cadea de produción.



A empresa licitadora poderá acreditar estas circunstancias por algún dos seguintes medios:

- Certificado de código de conduta (SA 8000 / Fair Wear Foundation, Made in Green, ou equivalente).
- Certificación de auditoría social realizada por empresas externas.
- Mediante declaración responsable na que se manifeste o cumprimento dos estándares fixados na Resolución 2005/2245 (IMI) do Parlamento Europeo sobre comercio xusto e desenvolvemento.

7.- O cumprimento destas condicións especiais de execución poderá verificarse en calquera momento polo responsable do contrato, solicitando ó contratista a documentación que estime pertinente. E, en todo caso, comprobarase esta circunstancia ó tempo da finalización do contrato. A estes efectos, en todos os contratos, coa última factura, o contratista presentará unha memoria xustificativa deste cumprimento.

8.- O incumprimento polo contratista das condicións especiais de execución do contrato poderá motivar a imposición de penalidades nos termos previstos neste Prego e na lexislación vixente na materia.

CLÁUSULA 27.- ENTREGA E RECEPCIÓN DOS BENS

1.- O adxudicatario estará obrigado a subministrar os bens no lugar e prazo fixado nas FEC, ou ben nos prazos parciais que, no seu caso, se teñan establecido.

2.- Dentro do mes seguinte a haberse producido a entrega da subministración obxecto do contrato ou no diferente prazo que se determine nas FEC deberase formalizar a acta de recepción. A falta deste documento, terá a consideración desta recepción o certificado emitido polo xefe do servizo xestor do expediente.

3.- Cando o acta formal da recepción dos bens, de acordo coas condicións do prego, sexa posterior á súa entrega, a Administración será responsable da custodia dos bens durante o tempo que medie entre unha e outra (artigo 292.3 TRLCSP).

4.- A Administración deberá comprobar o estado dos bens ó momento da súa recepción.

5.- Se os bens non se achan en estado de ser recibidos farase constar así na acta de recepción e daranse as instrucións precisas ó contratista para que emende os defectos observados ou ben proceda a unha nova subministración (artigo 297 TRLCSP).

CLÁUSULA 28.- CUMPRIMENTO DA NORMATIVA RELATIVA Á PROTECCIÓN DE DATOS DE CARÁCTER PERSOAL

1.- O adxudicatario e o seu persoal están obrigados a gardar segredo profesional respecto dos datos de carácter persoal dos que poida ter coñecemento por razón da prestación do contrato derivado, obrigación que subsistirá aínda logo da finalización do mesmo, de conformidade co artigo 10 da Lei Orgánica de Protección de Datos de Carácter Persoal, de 13 de decembro de 1999.

2.- O adxudicatario deberá formar e informar ó seu persoal das obrigacións que en materia de protección de datos estean obrigados a cumprir no desenvolvemento das súas tarefas para a prestación do contrato derivado, en especial as derivadas do deber de segredo, respondendo a empresa seleccionada persoalmente



das infraccións legais en que por incumprimento dos seus empregados puidésese incurrir.

CLÁUSULA 29.- RÉXIME DE PAGOS

1.- O pago efectuarase unha vez realizado o subministro. Dentro do prazo dos trinta días a contar desde a data do acta de recepción, deberá, no seu caso, acordarse e ser notificada ó contratista a liquidación correspondente do contrato e abonarse o saldo resultante. Con carácter previo, o contratista deberá presentar no rexistro xeral do órgano de contratación, a factura correspondente, acompañada polos albarás de entrega firmados e selados polos servizos correspondentes.

2.- No caso de que o contrato prevea prazos parciais de execución, ou a realización de entregas parciais a demanda do órgano de contratación, o contratista terá dereito ó abono das subministracións realizadas en cumprimento dos citados prazos ou entregas parciais. En ningún caso a suma das facturacións parciais poderá superar o importe total do contrato.

3.- Na factura deberán constar os seguintes extremos:

- A identificación do órgano administrativo con competencias en materia de contabilidade pública: servizo de contabilidade/fiscalización.
- A identificación do órgano de contratación: Xunta Reitora do IMD.
- A identificación do destinatario: o servizo xestor do contrato mencionado no apartado 1.B das FEC.

4.- En todo caso, o réxime concreto de pago do contrato, se fixará no apartado 13 das FEC.

CLÁUSULA 30.- REVISIÓN DE PREZOS

1.- Os prezos da presente contratación poderán ser obxecto de revisión, cando deste xeito se determine a súa procedencia no apartado 3.J da FEC conforme a fórmula ou sistema de revisión indicado no citado apartado. A súa aplicación corresponderalle ó responsable do contrato que se aterá ó previsto nos artigos 89 a 94 do TRLCSP.

2.- O importe das revisións que procedan faranse efectivas mediante o correspondente aboamento ou desconto nos pagos parciais ou na liquidación do contrato.

3.- As revisións de prezos deberán ser aprobadas polo órgano de Contratación.

CLÁUSULA 31.-PRAZO DE GARANTÍA

1.- O prazo de garantía será o fixado no apartado 13 das FEC ou o que resulte da oferta presentada polo adxudicatario, e o seu cómputo comezará a partir da data da acta formal de recepción de conformidade.

2.- Se durante o prazo de garantía a Administración acredítase a existencia de vicios ou defectos nos bens adquiridos, terá dereito a reclamar a reposición dos que resulten inadecuados ou a reparación dos mesmos se fose suficiente (artigo 298.1 TRLCSP).



3.- Se o órgano de contratación estimase, durante o prazo de garantía, que os bens subministrados non son aptos para o fin pretendido, como consecuencia dos vicios ou defectos observados neles e imputables ó contratista e exista a presunción de que a reposición ou reparación dos mesmos non serán suficientes para lograr aquel fin, poderá, antes de expirar devandito prazo, rexeitar os bens deixándoos de conta do contratista e quedando exento da obrigación de pago ou tendo dereito, no seu caso, á recuperación do prezo satisfeito (artigo 298.3 TRLCSP).

4.- Terminado o prazo de garantía sen que a Administración formalice algún dos reparos ou a denuncia a que se refiren os apartados 1 e 3 do artigo 298 TRLCSP, o contratista quedará exento de responsabilidade por razón dos bens subministrados.

CLÁUSULA 32.- MODIFICACION DO CONTRATO

1.- O Órgano de Contratación so poderá modificar o contrato no caso de que así se teña especificado no apartado 15.A das FEC ou sobreveña algunha das circunstancias especificadas no artigo 107 do TRLCSP, dentro, en todo caso, dos límites e con suxeición ós requisitos e efectos sinalados na normativa de contratación. En particular será de aplicación o disposto nos artigos 108, 211, 219 e 296 do TRLCSP.

2.- As modificacións acordadas terán, no seu caso, a correspondente repercusión –en máis ou en menos– sobre o prezo do contrato, que se calculará atendendo ós importes ofertados polo contratista e que serviron de base para a adxudicación.

CLÁUSULA 33.- INFRACCIÓN E PENALIDADES

1.- Considerarase infracción calquera acción ou omisión por parte do contratista que supoña a vulneración das obrigacións derivadas do presente contrato.

2.-As infraccións clasifícanse en leves, graves ou moi graves, atendendo ás circunstancias concorrentes e ó maior ou menor prexuízo que se cause á administración ou os usuarios.

3.-Impóranse penalidades ó contratista cando incorra nalgunha das infraccións previstas a continuación:

a) Por incumprimento das condicións especiais de execución

O incumprimento de calquera das condicións de execución establecidas neste prego dará lugar á imposición ó contratista de penalidades nos seguintes termos:

- Como regra xeral, a súa contía será un 1% do importe de adxudicación do contrato, salvo que, motivadamente, o órgano de contratación estime que o incumprimento é grave ou moi grave, nese caso poderán alcanzar ata un 5% ou ata o máximo legal do 10%, respectivamente. A reiteración no incumprimento poderá terse en conta para valorar a gravidade.
- Faranse efectivas mediante dedución das cantidades que, en concepto de pago total ou parcial, deban abonarse ó contratista, ou sobre a garantía, conforme ó artigo 212.8 do TRLCSP.



b) Por cumprimento defectuoso

Se ó tempo da recepción a prestación non se axustase ás prescricións establecidas para a mesma no contrato imporanse penalidades ó contratista nos seguintes termos:

- Como regra xeral, a súa contía será un 1% do prezo do contrato, salvo que, motivadamente, o órgano de contratación estime que o incumprimento é grave ou moi grave, nese caso poderán alcanzar ata un 5% ou ata o máximo legal do 10%, respectivamente. A reiteración no incumprimento poderá terse en conta para valorar a gravidade.
- En todo caso, a imposición das penalidades non eximirá ó contratista da obrigaón que legalmente lle incumbe en canto á reparación dos defectos.

En particular, terán a consideración de **faltas MOI GRAVES** os seguintes supostos de cumprimento defectuoso:

1. A execución manifestamente irregular do contrato.
2. A cesión en todo ou en parte do contrato, baixo calquera modalidade ou título, sen previa autorización expresa da Xunta Reitora do IMD sen prexuízo das prestacións de carácter accesorio que autoriza a normativa vixente de aplicación.
3. A modificación na forma de execución do contrato sen previa autorización municipal.
4. O incumprimento das obrigas laborais, das de Seguridade Social ou das de seguridade e saúde laboral ou da Guía de Coordinación de Actividades Empresariais do Concello de Vigo, publicada no Boletín Oficial da Provincia de Pontevedra nº 61 do 29 de marzo de 2011.
5. A comisión de dúas ou máis infraccións, tipificadas como faltas graves no presente prego, nun período dun ano, sobre as que tivese recaído resolución firme en vía administrativa.
6. As infraccións incluídas no apartado 18.C das FEC con este carácter.
7. O incumprimento de compromisos ofertados polo adxudicatario na súa proposición e que tiñan sido valorados como criterios de adxudicación do contrato.
8. A non subsanación ó primeiro requirimento do IMD en caso de incumprimento das condicións especiais de execución consignadas na cláusula 26 e no apartado 18.A da FEC.

Terán a consideración de **faltas GRAVES** os seguintes supostos de cumprimento defectuoso:

1. O incumprimento das ordes ou instrucións referentes á subministración dadas pola Administración Municipal ó adxudicatario e no prazo que ó efecto outorgue.
2. A comisión de dúas ou máis infraccións, tipificadas como faltas leves no presente prego, nun período dun ano, sobre as que tivese recaído resolución firme en vía administrativa.
3. As infraccións incluídas no apartado 18.C das FEC con este carácter.

Terán a consideración de **faltas LEVES** os seguintes supostos de cumprimento defectuoso:

1. Calquera outro incumprimento non cualificado de falta grave ou moi grave.
2. As infraccións incluídas no apartado 18.C das FEC con este carácter.



c) Por incumprir criterios de adxudicación

Se durante a execución do contrato ou ó tempo da súa recepción, a administración municipal apréciase que o contratista, por causas que lle resultan imputables, incumpriu algún ou algúns dos compromisos asumidos na súa oferta, se lle imporán penalidades nos seguintes termos:

- Para considerar que o incumprimento afecta a un criterio de adxudicación será preciso que ó descontarse un 25 por 100 da puntuación obtida polo contratista no criterio de adxudicación incumplido, resultase que a súa oferta non sería a mellor valorada.
- Como regra xeral, a súa contía será un 1% do prezo do contrato, salvo que, motivadamente, o órgano de contratación estime que o incumprimento é grave ou moi grave, nese caso poderán alcanzar ata un 5% ou ata o máximo legal do 10%, respectivamente. A reiteración no incumprimento poderá terse en conta para valorar a gravidade.

d) Por demora

Cando o contratista, por causas que lle fosen imputables, incorrese en demora, tanto en relación co prazo total como cos prazos parciais establecidos, estarase ó disposto no artigo 212 do TRLCSP en canto á imposición destas penalidades.

e) Outras penalidades

O órgano de contratación poderá establecer outras penalidades específicas relativas ó contrato no apartado 18.C das FEC.

4.- A imposición de calquera das penalidades previstas nos apartados anteriores será compatible coa existencia ó infractor da reposición da situación alterada polo mesmo ó seu estado orixinario, así como coa indemnización dos danos e perdas causados, os cales serán determinados polo órgano sancionador, debendo fixarse na resolución correspondente á súa contía e o prazo que se determine para a súa satisfacción.

5.- As penalidades a aplicar fixaranse atendendo os seguintes criterios de gradación:

- A existencia de intencionalidade ou reiteración.
- A relevancia dos prexuízos causados, atendendo ó seu valor económico ou á porción de dominio público que resulte afectada.
- A reincidencia, por comisión no termo dun ano de máis dunha infracción das previstas no presente prego, cando así fose declarado por resolución firme.
- O proceder voluntariamente, antes de que recaia resolución que poña fin ó procedemento sancionador, ó cumprimento da obriga ou deber infrinxido e reparación do dano causado.

CLÁUSULA 34.- MULTAS COERCITIVAS

1.- Con independencia do réxime de penalidades, a Administración poderá impoñer ó concesionario multas coercitivas cando persista no incumprimento das súas obrigas, utilizando o procedemento previsto na



cláusula seguinte.

2.- En caso de reiteración dos incumprimentos previstos na cláusula precedente, a Administración poderá impoñer ó concesionario as seguintes multas coercitivas:

- α. No caso de incumprimentos de obrigas tipificadas como faltas leves na cláusula anterior, multa de 1 a 300 € por día que persista o incumprimento.
- β. No caso de incumprimentos de obrigas tipificadas como faltas graves na cláusula anterior, multa de 301 a 600 € por día que persista o incumprimento.
- χ. No caso de incumprimentos de obrigas tipificadas como faltas moi graves na cláusula anterior, multa de 601 a 1.000 € por día que persista o incumprimento.

A hora de graduar a multa se terá en conta os seguintes criterios de gradación:

- a. A existencia de intencionalidade ou reiteración.
- b. A relevancia dos prexuízos causados, atendendo ó seu valor económico.
- c. A reincidencia, por imposición no termo dun ano de máis dunha multa coercitiva.
- d. O proceder voluntariamente, antes de que recaía resolución que poña fin ó procedemento de imposición da multa, ó cumprimento da obriga ou deber infrinxido e reparación do dano causado.

3.- As multas coercitivas serán independentes e compatibles coas penalizacións previstas no artigo precedente do presente Prego.

4.- En todos casos, o IMD, con independencia da imposición da multa, poderá adoptar a costa do contratista as medidas necesarias para poñer fin á infracción, con dereito a repetir contra o contratista.

5.- O disposto na presente cláusula enténdese sen prexuízo do dereito do IMD a reclamar a indemnización de danos e prexuízos ou a resolución do contrato, sen prexuízo das sancións administrativas que procedan no seu caso.

CLÁUSULA 35.- PROCEDEMENTO PARA A IMPOSICIÓN DE PENALIDADES E MULTAS COERCITIVAS

O incumprimento das normas establecidas no presente prego, orixinará a incoación do correspondente expediente.

I. Órgano competente

As penalidades por infraccións, calquera que sexa a súa gravidade, imponse pola Xunta Reitora do IMD.

II. Procedemento

As penalidades ou multas coercitivas imponse por acordo do órgano de contratación, adoptado a proposta do responsable do contrato tras a instrución do correspondente expediente contradictorio, previa audiencia do contratista, por un prazo de quince días, acordo que será inmediatamente executivo.

No suposto de incumprimentos previstos na TRLCSP, que poidan dar orixe á resolución do contrato, a tramitación do correspondente expediente axustarase ó disposto no artigo 225 do TRLCSP.



III. Prescripción

1. As infraccións moi graves prescribirán ós tres anos, as graves os dous anos, e as leves ós seis meses.
2. As penalidades impostas por faltas moi graves prescribirán os tres anos, as graves prescribirán ós dous anos, e as impostas por faltas leves ó ano.
3. O prazo de prescripción das infraccións comezará a contarse dende o día no que se cometeu a infracción. Interromperá a prescripción a iniciación, con coñecemento do interesado, do procedemento sancionador, reanudándose o prazo de prescripción se o expediente sancionador se paralizase máis dun mes por causa non imputable ó presunto responsable.
4. O prazo de prescripción das penalidades comezará a contarse dende o día seguinte a aquel no que adquira firmeza a resolución pola que se impón a sanción. Interromperá a prescripción a iniciación, con coñecemento do interesado, do procedemento de execución, voltando a transcorrer o prazo se aquel está paralizado durante máis dun mes por causa non imputábel ó infractor.

IV.-Pagamento das penalidades

O importe das penalidades será aboado polo contratista na Caixa do IMD, dentro do prazo de trinta días hábiles seguintes á notificación. Se transcorre o prazo fixado sen que se aboase o importe da mesma, esixirase o pagamento por vía de constrinximento administrativo.

CLÁUSULA 36.- SUBCONTRATACIÓN

1.- O contratista poderá subcontratar parcialmente a execución do contrato ata o límite do 50% salvo que no apartado 17.A das FEC se fixe outro límite inferior.

2.- A subcontratación rexerase polo disposto no TRLCSP (artigos 227 e 228).

3.- Cando o contratista incumpra as condicións para a subcontratación establecidas no artigo 227.2 do TRLCSP ou o límite máximo especial establecido para a subcontratación, imporase a penalidade regulada no apartado 3 do referido precepto, nos seguintes termos:

- Farase efectiva mediante dedución das cantidades que, en concepto de pago total ou parcial, deban abonarse ó contratista, ou sobre a garantía, conforme ó artigo 212.8 do TRLCSP.
- Como regra xeral, a súa contía será un 5% do importe do subcontrato, salvo que, motivadamente, o órgano de contratación estime que o incumprimento é grave ou moi grave, nese caso poderá alcanzar ata un 10% ou ata o máximo legal do 50%, respectivamente. A reiteración no incumprimento poderá terse en conta para valorar a gravidade.

CLÁUSULA 37.- CESIÓN

1.- Os dereitos e obrigas dimanantes do contrato poderán ser cedidos polo adxudicatario a un terceiro sempre que as calidades técnicas ou persoais do cedente non sexan razón determinante da adxudicación do contrato e da cesión non resulte unha restrición efectiva da competencia no mercado. Non poderá autorizarse a cesión a un terceiro cando esta supoña unha alteración substancial das características do contratista se estas constitúen un elemento esencial do contrato.



2.- Deberán cumprirse os seguintes requisitos:

1. Que o órgano de contratación autorice, de forma previa e expresa, a cesión.
2. Que o cedente teña executado a lo menos un 20 % do importe do contrato. Non será de aplicación este requisito se a cesión se produce atopándose o adxudicatario en concurso aínda que se abra a fase de liquidación.
3. Que o cesionario teña capacidade para contratar coa Administración e a solvencia que resulte esixible debendo estar debidamente clasificado se tal requisito foi esixido ó cedente, e non estar incurso en ningunha causa de prohibición para contratar.
4. Que a cesión se formalice en escritura pública.

3.- O cesionario quedará subrogado en todos os dereitos e obrigacións que corresponderían ó cedente.

CLÁUSULA 38.- RESOLUCIÓN DO CONTRATO

1.- A resolución do contrato rexerase polo establecido con carácter xeral nos artigos 223 a 225 do TRLCSP e especificamente para o contrato de subministro nos artigos 299 e 300 de devandita Lei.

2.- Será causa de resolución o incumprimento reiterado da normativa laboral, de Seguridade Social e de seguridade e saúde laboral, ou da Guía de Coordinación de Actividades do Concello de Vigo, publicada no Boletín Oficial da Provincia de Pontevedra nº 61 do 29 de marzo de 2011.

3.- A adscrición ó contrato dos medios persoais e materiais que se detallan no apartado 6.C da FEC terá o carácter de obriga esencial á efectos do previsto no artigo 223.f do TRLCSP. No entanto, o órgano de contratación se así o estima convénite para o interese público, poderá optar por requirirle ó contratista o cumprimento desta obriga e imporlle as penalidades previstas na cláusula 33.3.a). Esta opción so poderá exercitarse unha vez.

4.- No apartado 18.B das FEC poderán establecerse causas específicas de resolución do contrato.

5.- En caso en caso de resolución do contrato por causa imputable ó contratista estarase sempre ó disposto no artigo 225.3 e 4 da Lei.

CLÁUSULA 39.- LIQUIDACIÓN

Finalizado o contrato e transcorrido o prazo de garantía, no seu caso, practicarase a liquidación do contrato procedendo á devolución da garantía definitiva.

IV. XURISDICCIÓN E RECURSOS

CLÁUSULA 40.- XURISDICCIÓN

1.- As cuestións que poidan xurdir durante o desenvolvemento do contrato relativas á preparación, adxudicación, efectos, cumprimento e extinción dos contratos administrativos serán resoltas polo órgano de



contratación (artigos 210 e 211 TRLCSP). Os acordos adoptados para a súa resolución porán fin á vía administrativa, e poderán ser impugnados ante a Xurisdición contencioso-administrativa conforme ó disposto na Lei 29/1998, de 13 de xullo, reguladora da mesma.

2.- O recurso contencioso-administrativo será interposto no prazo de dous meses, contados a partir do día seguinte á súa notificación. Someténdose, tanto os licitadores como posteriormente os adxudicatarios, ós Xulgados desta Orde que exerzan a súa xurisdición na cidade de Vigo, con renuncia expresa a calquera outro foro ou privilexio que lles corresponda.

3.- No entanto, os interesados poderán interpor, con carácter previo, recurso potestativo de reposición ante o órgano que ditou o acto recorrido, no prazo dun mes computado a partir do día seguinte á súa notificación, ou de tres meses se a resolución é presunta, a contar neste último caso desde o día seguinte a aquel en que se produza o citado acto presunto. Neste caso, non se poderá interpor o recurso contencioso-administrativo en tanto non recaia resolución, expresa ou presunta, do mesmo, ó amparo do previsto nos artigos 116 e seguintes da Lei 30/1992, de 26 de novembro, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común.

CLÁUSULA 41.- RECURSO ESPECIAL EN MATERIA DE CONTRATACIÓN

1.- Serán susceptibles de recurso especial en materia de contratación os seguintes actos, sempre e cando se trate de contratos de subministración suxeitos a regulación harmonizada:

- Os anuncios de licitación, os pregos e os documentos contractuais que establezan as condicións que deban rexer a licitación.
- Os actos de trámite adoptados no procedemento de adxudicación, sempre que estes decidan directa ou indirectamente sobre a adxudicación, determinen a imposibilidade de continuar o procedemento ou produzan indefensión ou prexuízo irreparable a dereitos ou intereses lexítimos.
- Os acordos de adxudicación, salvo que se siga o trámite de emerxencia previsto no artigo 113 TRLCSP.

2.- No apartado 1.I das FEC se fará constar se o contrato obxecto do presente prego está suxeito ou non a recurso especial en materia de contratación.

3.- A tramitación deste recurso axustarase ó disposto nos artigos 40 a 49 do TRLCSP.

4.- Contra a resolución do citado recurso só caberá a interposición de recurso contencioso-administrativo.

CLÁUSULA 42.- CUESTIÓN DE NULIDADE

Nos supostos previstos no artigo 37 do TRLCSP se poderá interpoñer cuestión de nulidade no prazo dos 30 días hábiles seguintes á publicación da adxudicación do contrato ou da notificación da mesma ós licitadores, nos termos previstos no artigo 39 do TRLCSP.



ANEXO I

FOLLAS DE CARACTERÍSTICAS DO CONTRATO (FEC)

1. DATOS DO EXPEDIENTE

- A. **NÚMERO DE EXPEDIENTE:** 3572/11
 B. **SERVIZO XESTOR:** Instituto Municipal dos Deportes de Vigo
 X. **RESPONSABLE DO CONTRATO:** Director Técnico do IMD
 Δ. **UNIDADE TRAMITADORA:** LA0001997 Instituto Municipal dos Deportes
 E. **OFICINA CONTABLE:** LA0001997 Instituto Municipal dos Deportes
 Φ. **ÓRGANO XESTOR:** LA0001997 Instituto Municipal dos Deportes
 Γ. **TRAMITACIÓN:** PROCEDEMENTO ABERTO, TRAMITACIÓN ORDINARIA
 H. **TRÁTASE DUN CONTRATO DE REGULACIÓN HARMONIZADA:** Non
 I. **TRÁTASE DUN CONTRATO SOMETIDO A RECURSO ESPECIAL EN MATERIA DE CONTRATACIÓN:** Non

2. OBXECTO:

A) **OBXECTO DO CONTRATO:** O subministro por lotes do vestiario para o persoal do Instituto Municipal dos Deportes, composto por diversos elementos de roupa, calzado e complementos para o traballo, de acordo cos materiais e unidades descritas no PPTP.

B) CODIFICACION OBXECTO DO CONTRATO:

- CPA: 17
- CPV: 18100000-0

C. **NECESIDADES A SATISFACER POLA ADMINISTRACION:** O subministro da uniformidade necesaria e adecuada do persoal para o desenvolvemento das súas funcións, así mesmo, dita uniformidade deberá satisfacer as necesidades dos equipamentos de protección adecuados os traballos habituais que desenvolven en relación coas estipulación de seguridade e hixiene no traballo

D. **LOTES:** Si.

D.1.- LOTE Nº1: ROUPA E COMPLEMENTOS:

Prendas de traballo e complementos	UNIDADES
Cazadora	51
Pantalón verán	60
Pantalón inverno	65
Jersei	59
Chaqueta muller	18
Camisa Vestir ml	61
Camisa Vestir mc	61
Pantalón traballo verán	45
Pantalón traballo inverno pana	26
Camisa traballo M/Larga	42
Chaleco trab. Verán	14





Chaleco trab. Inverno	21
Sudadera verán	40
Sudadera inverno	23
Camiseta térmica	69
Polo	42
Gorra	21
Cinto	41

D.2.- LOTE Nº2: CALZADO E BOTAS DE TRABALLO:

Calzado e botas traballo e protección	UNIDADES
Zapatos verán	56
Zapatos inverno	60
zapato traballo protección	33
Botas traballo protección	28

3. CONTIDO ECONÓMICO

- A. **PRESUPOSTO TOTAL:** 31.000,00 €.
- B. **IVE A SOPORTAR POLA ADMINISTRACIÓN:** 5.380,17 €.
- C. **VALOR ESTIMADO DO CONTRATO:** 56.363,63 €.
- D. **ANUALIDADES CON IVE:**

Anualidades	Importe	Ive (21%)	Total
2015	25.619,83 €	5.380,17 €	31.000,00 €

E. **DOTACIÓN POR LOTES:** Non

1.- LOTE Nº1: ROUPA E COMPLEMENTOS: Establecese como importe máximo para o subministro do lote nº 1 o de 22.000,00 € ano, coa seguinte distribución:

Anualidades	Importe con ive	Ive
2015	22.000,00 €.	3.818,18 €.

2.- LOTE Nº2: CALZADO E BOTAS DE TRABALLO: : Establecese como importe máximo para o subministro do lote nº 2 o de 9.000,00 € ano coa seguinte distribución:

Anualidades	Importe con ive	Ive
2015	9.000,00 €.	1.561,98 €.

Φ. **PREZOS UNITARIOS(con IVE incluído):**

Os prezos unitarios para este contrato serán os determinados polo licitador para cada un dos elementos a subministrar en cada lote.

- G. **APLICACION PRESUPUESTARIA:** 3420.221.04.00 “Vestuario Persoal”.
- H. **ANTICIPADO DE GASTO:** Non
- I. **FINANCIADO CON FONDOS EUROPEOS:** Non
- J. **PROCEDE REVISIÓN DE PREZOS:** Non





4. PRAZO DE EXECUCIÓN

- A. **PRAZO DE EXECUCIÓN:** 1 ano
- B. **PRazos PARCIAIS:** Non se fixan
- C. **PRÓRROGA DO CONTRATO E EN CASO AFIRMATIVO DURACIÓN:** SI. UNHA ANUALIDADE.
- D. **DATA DE INICIO DO CONTRATO:** setembro-2015

5. GASTOS DO CONTRATO

- A. **GASTOS DE PUBLICIDADE:** 1.000,00 €
- B. **GASTOS POR DESESTIMENTO OU RENUNCIA:** 50,00 €.

6. SOLVENCIA ECONÓMICA E FINANCEIRA E TÉCNICA

- A. **OUTROS MEDIOS DE ACREDITAR A SOLVENCIA ECONÓMICA E FINANCEIRA:** Non se fixan
- B. **OUTROS MEDIOS DE ACREDITAR A SOLVENCIA TÉCNICA:** Non se fixan
- C. **MEDIOS PERSOAIS OU MATERIAIS A ADSCRIBIR O CONTRATO:** Non se fixan
- D. **HABILITACIÓN PROFESIONAL:**

7. CONTIDO DA DOCUMENTACION DOS SOBRES B E C

A. CONTIDO SOBRE B:

Incluirá os criterios avaliábeis mediante xuízo de valor, e concretamente os seguintes:

- a.1.- A documentación acreditativa das características técnicas de cada unha das prendas e/ou elementos a subministrar. Nesta apartado deberá especificar cales son as características técnicas de cada elemento a subministrar, especificando aqueles aspectos que supoñan adecuacións superiores con relación os mínimos descritos no prego de cláusulas técnicas particulares, así como os aspectos de funcionalidade das mesmas.
- a.2.- Procedemento para operatividade dos tallaxe e adecuación das prendas e/ou elementos as necesidades funcionais dos traballadores e traballadoras do IMD. Descrición de proceso, elaboración duna ficha individualizada. etc.

B. CONTIDO SOBRE C. MODELO DE PROPOSICIÓN

D, con D.N.I. nº, en nome propio (ou en representación de), informado da licitación para a prestación do subministro DO SUBMINISTRO POR LOTES DO VESTIARIO PARA O PERSOAL DEPENDENTE DO INSTITUTO MUNICIPAL DOS DEPORTES, expediente 3572/11, manifesta:

1.- Que acepta integramente os pregos de prescricións técnicas e cláusulas administrativas particulares que rexen a presente contratación.

2.- Que presenta a súa oferta para os lotes: (sinalar o que proceda)

	LOTE Nº1: ROUPA E COMPLEMENTOS:
	LOTE Nº2: CALZADO E BOTAS DE TRABAJO

2.- Propón como prezos para o subministro os seguintes:





2.1.- Como prezo total para o subministro dos elementos do Lote nº 1 de roupa e complementos o de: _____ €. sen iva, sendo o iva do (21%) o seguinte importe: _____, que fai un importe total iva incluído de: _____ €.

Os prezos unitarios para o lote nº 1 son os seguintes:

Prendas de traballo e complementos	UNIDADES	Prezo (S/IVE)	IVE	PREZO TOTAL
Cazadora	51			
Pantalón verán	60			
Pantalón inverno	65			
Jersei	59			
Chaqueta muller	18			
Camisa Vestir ml	61			
Camisa Vestir mc	61			
Pantalón traballo verán	45			
Pantalón traballo inverno pana	26			
Camisa traballo M/Larga	42			
Chaleco trab. Verán	14			
Chaleco trab. Inverno	21			
Sudadera verán	40			
Sudadera inverno	23			
Camiseta térmica	69			
Polo	42			
Gorra	21			
Cinto	41			

2.2.- Como prezo total para o subministro dos elementos do Lote nº 2 de Calzado e botas de traballo o de: _____ €. sen iva, sendo o iva do (21%) o seguinte importe: _____, que fai un importe total iva incluído de: _____ €.

Os prezos unitarios para o lote nº 2 son os seguintes:

Calzado e botas traballo e protección	UNIDADES	Prezo (S/IVE)	IVE	PREZO TOTAL
Zapatos verán	56			
Zapatos inverno	60			
zapato traballo protección	33			
Botas traballo protección	28			

Lugar, data e sinatura do licitador.

C. NÚMERO MÁXIMO DE FOLLAS:

8. MOSTRAS



- A. **PROCEDE PRESENTAR MOSTRAS:** Si
- B. **EN CASO AFIRMATIVO, INDICAR LUGAR DE ENTREGA:** O licitador deberá entregar mostrars para cada unha das prendas e/ou elementos que conforman cada un dos lotes. Estas mostrars deberán ser entregadas conformando o sobre “D” da oferta. Xunto coa oferta no Rexistro Xeral do Instituto Municipal dos Deportes.

9. CRITERIOS DE ADXUDICACIÓN

- A. **CRITERIOS AVALIABLES MEDIANTE XUIZO DE VALOR:** Valoración das características técnicas e funcionalidade das propostas presentadas polo licitador:

Co obxectivo de poder avaliar as peculiaridades dos diferentes elementos ofertados polo licitador e tendo en conta a necesidade de poder establecer un proceso de adaptación destes elementos a cada traballador ou traballadora, estimase necesario a valoración de aspectos deste apartado de acordo cos seguintes criterios:

Valorarase ata un máximo de 20 puntos para o lote nº 1 e de 10 puntos para o lote 2, coas seguintes peculiaridades:

1.- Explicacións ou especificacións técnicas ofertadas polo licitador para mellorar a funcionalidade das prendas e/ou elementos a subministrar. Este aspecto será valorado ata un máximo de 10 puntos para o lote 1, e de 4 puntos para o lote 2. Para a avaliación deste apartado se atenderá as descrições técnicas e a comprobación das mesmas coas mostrars.

2.- En relación as propostas definidas polo licitador para os procedementos de operatividade dos tallaxes e adecuación das prendas e/ou elementos as necesidades funcionais dos traballadores e traballadoras do IMD. Este aspecto será valorado ata un máximo de 10 puntos para o lote 1 e de 6 puntos para o lote nº 2.

A puntuación dos apartados anteriores será outorgada seguindo os seguintes criterios:

1.- Outorgarase a máxima puntuación fixada en cada apartado ás propostas que o desenvolvan cun alto grado de detalle e análise de cada un das prendas propostas.

2.- Descontarase un 30 % da puntuación prevista no correspondente apartado ás propostas que non teñan un desenvolvemento detallado, así mesmo esta valoración poderá ser minorada cun 15 % a maiores por cada un dos requisitos requiridos en cada apartado e non desenvolvidos, ou tamén no caso de que a súa xustificación non teña unha adecuación o obxecto do apartado a avaliar.

3.- A puntuación será de 0 (cero) puntos, cando as propostas do apartado a avaliar conteña aspectos contraditorios en relación co obxecto do contrato.

B. CRITERIOS AVALIABLES A TRAVES DE FÓRMULA:

Dentro deste apartado solo se contempla a valoración do prezo total ofertado para o subministro de cada un dos lotes. Para o cal, segundo os prezos totais ofertados para cada lote, valorarase ata un máximo de 80 puntos, para el lote 1 e un máximo de 90 puntos para o lote 2.



Para valorar as baixas sobre o prezo de licitación proposto pola Administración, se aplicará a formula indicada na cláusula 15 do PCAP.

- C. **COMITÉ DE EXPERTOS:** Non se fixa.
- D. **CRITERIOS PARA A CONSIDERACIÓN DE QUE A OFERTA CONTÉN VALORES ANORMAIS OU DESPROPORCIONADOS** No presente procedemento non se aplicará o procedemento para determinar se as ofertas conteñen valores anormais ou desproporcionados.

10. MELLORAS:

- A. **ADMITE MELLORAS:** Non
- B. **EN CASO AFIRMATIVO DELIMITACIÓN DOS ELEMENTOS E CONDICIÓN:**

11. GARANTÍAS:

- A. **PROCEDE CONSTITUÍR GARANTÍA PROVISIONAL:** Non
- B. **PROCEDE CONSTITUÍR GARANTÍA COMPLEMENTARIA:** Non
- C. **PROCEDE CONSTITUÍR GARANTÍA DEFINITIVA:** si (5% do prezo de adxudicación do contrato excluído o IVE)

12. PRAZO DE GARANTÍA:

O Prazo de garantía no que os subministros poderán ser rechazado por non axustarse a calidade mínima exixida será de 1 ano contados a partir da data do subministro.

13. RÉXIME DE PAGAMENTO

As facturas electrónicas a emitir deberán axustarse ao establecido na Lei 25/2013 de 27 de decembro, de impulso da factura electrónica e creación do rexistro contable de facturas no Sector Público.

Os códigos solicitados pola plataforma FAcE - Punto Xeral de Entrada de Facturas Electrónicas da Administración Xeral do Estado - ao que encóntrase adherido o Concello de Vigo, son os identificados nos apartados C), D) e E) do apartado primeiro das FEC.

14. ASEGURAMENTO

- A. **PROCEDE CONSTITUIR SEGURO ESPECÍFICO (en caso afirmativo clase e contía)** Non procede.

15. MODIFICACIÓN DO CONTRATO

- A. **ESTÁ PREVISTA A MODIFICACIÓN DO CONTRATO:** Si
- B. **ASPECTOS A MODIFICAR:** Serán obxecto da modificación deste contrato os seguintes aspectos:
- A inclusión de novos elementos obrigatorios en relación o equipamento considerado como vestiario e obrigado por normativa legal de aplicación e non contemplados inicialmente no prego de condicións técnicas particulares.
 - Un incremento da previsión de prendas e/ou elementos motivada polo incrementos do número de traballadores.
- As modificación deberán ser aprobada polo órgano de contratación.





- X. **CIRCUNSTANCIAS QUE DETERMINAN A MODIFICACIÓN:** As referidas no apartado anterior.
- Δ. **LIMITES DA MODIFICACIÓN:** 20% sobre o orzamento base de licitación para cada un dos lotes.
- E. **ESPECIALIDADES, NO SEU CASO, DO PROCEDEMENTO DE MODIFICACIÓN:** Non se fixan

16. LUGAR DE ENTREGA DAS SUBMINISTRACIÓNS:

As instalacións do Instituto Municipal dos Deportes delimitadas no PPTP deste contrato.

17. SUBCONTRATACIÓN:

- A. **NO SEU CASO, PORCENTAXE MÁXIMO DE SUBCONTRATACIÓN:** Se autoriza nos termos e contías previstas no artigo 227 do TRLCSP.

18. OUTROS ASPECTOS DO CONTRATO:

- A. **CONDICIONS ESPECIAIS DE EXECUCIÓN:** Para o tipo de subministro obxecto do contrato deberá cumprirse a indicada na apartado 6 da cláusula 26.
- B. **OUTROS DEREITOS E/OU OBRIGAS DO ADXUDICATARIO:** Non se fixan
- C. **OUTRAS INFRACCIÓNS E/OU PENALIDADES:** Non se fixan
- D. **CAUSAS ESPECÍFICAS DE RESOLUCIÓN DO CONTRATO:** Non se fixan
- E. **OBSERVACIÓNS:**



Copia auténtica do orixinal - Concello de Vigo

Data impresión: 09/06/2015 12:10

Páxina 39 de 41

Expediente 3572/11

Código de verificación: 28ED3-4CB48-5B448-3C82C

Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección da sede electrónica <http://www.vigo.org/csv>

ANEXO II

DECLARACIÓN RESPONSABLE

Don/Dona, con D.N.I. con enderezo en

No caso de ser persoa xurídica:

En representación da empresa constituída (referencia escritura). Acreditando a súa representación a través do poder (referencia escritura)

DECLARA baixo xuramento que os datos aportados nesta declaración son exactos:

1. Que coñece os pregos de cláusulas administrativas particulares e de prescricións técnicas que serven de base ó contrato de e que os acepta incondicionalmente.
2. Que a empresa á que represento, reúne os requisitos de plena capacidade xurídica e de obrar para contratar co sector público, esixidos nos artigos 54 e 72 do Texto refundido da Lei de Contratos do Sector Público (TRLCSP).
3. Que a empresa á que represento, non incorre en ningunha das prohibicións para contratar, sinaladas no artigo 60 do TRLCSP.
4. Que a mercantil ten un obxecto social ou ámbito de actividade no que está comprendido inequivocamente o obxecto do presente contrato, sendo o mesmo (reproducir o texto do obxecto da mercantil), segundo consta nos estatutos da empresa de data, inscritos no Rexistro Mercantil.
5. Que a mercantil atópase ó corrente no cumprimento das obrigas tributarias fronte ó Estado, Comunidade autónoma e Concello de Vigo e fronte á Tesourería da Seguridade Social que impoñen as disposicións vixentes.
6. Que a mercantil atópase ó corrente no pago de salarios e Seguridade Social dos traballadores da súa plantilla.
7. Que a mercantil se compromete a cumprir as condicións especiais de execución previstas no apartado 18.A da FEC.
8. En orden a acreditar a solvencia económica e técnica manifesta:
 - α. Que a mercantil ten declarado unha cifra de negocios, no ámbito das actividades correspondentes ó obxecto do contrato, nas contas anuais presentadas no Rexistro Mercantil, de € no ano 2014, de € no ano 2013 e de € no ano 2012.
 - β. Que, en relación coa solvencia técnica, executou contratos de prestacións análogas nos 3 últimos anos, nas seguintes institucións ou empresas e polos seguintes importes, que será acreditable no momento procedimental oportuno de acordo co previsto no TRLCSP.
Institución Contía Ano

No caso de traballos realizados en UTE con outras empresas deberá facerse constar unicamente a parte proporcional en función da porcentaxe de participación da empresa na citada UTE.

9. No suposto de que a personalidade xurídica do empresario e, no seu caso, a súa representación, así como o cumprimento dos requisitos de solvencia económica, financeira e técnica ou profesional se acrediten mediante a certificación dun Rexistro Oficial de Licitadores e Empresas Clasificadas ou





- mediante un certificado comunitario de clasificación, o licitador manifesta que as circunstancias reflectidas no correspondente certificado non experimentaron variación.
10. No suposto de que se esixa habilitación profesional, declara que a mercantil cumpre coas esixencias previstas no apartado 6.D da FEC.
 11. Que a mercantil (si/non) pertence a un grupo de empresas. En caso afirmativo, se relacionarán as outras empresas do grupo que participan na presente licitación.
 12. Que a mercantil acepta o correo electrónico como medio de notificación das actuacións que resulten do presente expediente. A estes efectos, sinala como dirección de correo electrónico a seguinte
 13. Que concorre a presente licitación en UTE coas seguintes mercantís:, e de resultar adjudicatarias participarán no capital da UTE que se constitúa cada unha delas nos seguintes porcentaxes , nomeando como representante ou apoderado único da unión con poderes bastantes para exercer os dereitos e cumprir as obrigacións que do contrato derívense ata a extinción do mesmo a
 14. No suposto de que no apartado 6.C das FEC se esixan medios persoais ou materiais, declara o compromiso de adscribir á execución do contrato os medios persoais ou materiais que no mesmo se contemplan.
 15. Declara que ó tempo de presentar a súa proposición, contan entre o seu persoal cun número de traballadores con discapacidade superior ó 2%, un % do seu cadro de persoal, dos cales un % son traballadores fixos no cadro.
 16. No suposto de que o licitador sexa estranxeiro se compromete a someterse á xurisdición dos xulgados e tribunais españois de calquera orde, para todas as incidencias que de modo directo ou indirecto puidesen xurdir do contrato, con renuncia, no seu caso, ó foro xurisdiccional estranxeiro que lle puidese corresponder.

Lugar, data, selo e sinatura

En Vigo a data da sinatura dixital

O Director Deportivo, Xefe da Unidade Técnica do IMD

Jose Angel Otero Lamas

